



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2021

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 22 de novembro de 2021.
2. Aprobar os informes finais de avaliación do PAT do curso 2020-2021 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.
3. Aprobar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021.
4. Designar á Prof.^a Dra. Susana Álvarez González como representante da Facultade na comisión avaliadora dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus da Auga.
5. Informar favorablemente as solicitudes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado.
6. Aprobar a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de fin de grao do curso académico 2021-2022 e delegar na Secretaria da Facultade a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.
7. Reiterar novamente ás persoas titoras o acordo da Comisión Permanente do 16 de decembro de 2020 respecto á recomendación para que concreten co alumnado no título definitivo no Traballo de fin de grao os títulos provisorios das propostas temáticas que resulten excesivamente xenéricos ou amplos, que obriguen a realizar traballos demasiado descritivos.
8. Elevar a definitiva a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de decembro de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 21 de decembro de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es